

D e p o r t e s

## Xuntanza Hockey



**Derrota en casa ante el Vigo-Ponteareas-Valença.** Tercera jornada de liga para el conjunto del Xuntanza de hockey sobre patines que se resolvió con una derrota en su cancha de A Madalena ante el equipo del Vigo-Ponteareas-Valença. Los jugadores cedidenses y ponteses recibían en casa a un equipo que, hasta el momento, no había conseguido ningún triunfo, lo que les hacía aparecer por detrás en la clasificación -cabe recordar que el Xuntanza cuentan con una victoria por incomparecencia de su rival en la primera jornada de liga-. Sin embargo, los vigueses se

mostraron superiores durante el encuentro y endosaron al Xuntanza un marcador adverso de dos goles a ocho.

**Derrota en cancha herculina.** El Xuntanza sufrió una nueva derrota en la liga de Segunda División Autonómica en la que milita. En esta oportunidad, el choque se desarrolló en la cancha del equipo A del Compañía de María herculina y el resultado final fue de siete goles a dos en contra de la escuadra de Ferrolterra. Los ponteses aún no han conseguido estrenarse en victorias sobre la cancha, aunque sí sumaron un triunfo y los correspondientes puntos en la primera jornada liguera debido a la incomparecencia del equipo vigués del Traviesas B, el que ocupa precisamente la posición de colista. La próxima semana, el conjunto de la comarca disfrutará de descanso.

## O Esteo de fútbol sala segue líder na 1ª B

O Esteo segue intratable á fronte da táboa en 1ª B logo de derrotar a outro dos favoritos, o Gondomar, por 6-4. O equipo pontés volveu a xogar un partido moi serio, contendo ben ós pontevedreses ós que non deixaron maniobrar cun elevado acerto na presión, e boa circulación en ataque para gañar boas opcións de tiro. Os goles ían caendo sen que se pasase por demasiados apuros, e co público disfrutando, con algúns tantos de excepcional factura como o fantástico acadado por Juan. Mediada a segunda metade chegaron os apuros. Co partido case sentenciado cun 5-1, a forte presión dos visitantes atopouse cun Esteo que viña de entrar nun exceso de confianza e os primeiros aproveitaron para apreta-lo marcador. Os nervios fixeron acto de aparición, e nos últimos minutos, co Gondomar volcado, os de Javi Saa perderon a oportunidade de sentenciar o seu rival.

Con este panorama estableceuse un alarmante 5-4 a falla de tres minutos, e a cousa non foi a máis grazas a que Óscar fixo o 6-4 que xa provocou a rendición do Gondomar. Demasiada emoción para un bo partido dos ponteses, que por mor da paxara de dez minutos puideron ter tirado por terra un traballo fenomenal no cómputo xeral do encontro. Con todo, foi un importante aporte de moral para a visita á casa do Troula o sábado. Os de Betanzos son os únicos que seguen a estela dun Esteo que suma xa oito victorias consecutivas. Xogaron no Esteo: Chetos, Fran, Suso, Sergio, e Óscar, de saída, e logo entraron Anxo, Ivan, Juan, e David. Suso marcou dous goles, e o

resto repartíronos Fran, Óscar, Anxo e Juan.

**Máis lider ó gañar en Vilagarcía.** O Esteo segue a mandar na liga de 1ª B logo de regresar victorioso de Vilagarcía. Na vila pontevedresa venceu ó La Junquera por oito goles a doce. Este marcador, case máis propio do balonmán xustificábase cun partido que se volveu tolo na segunda metade, logo de que os de Javi Saa cresen que o deixaran visto para sentencia na primeira. Nesa primeira entrega o parcial foi de 0-6, logo dunha fulgurante saída dos ponteses. Tan só se concederon cinco minutos de tanteo, para comezar a facer estragos cunha presión que afogaba a saída do balón dos locais. Así chegaron os goles, con catro tantos en pouco máis de tres minutos. Os de casa recurrieron xa á xogada do porteiro de campo, pero non acertaron a reducir diferencias, e encaixaron dous goles máis. Esta circunstancia non os amilanou, e co inicio do segundo período volveron arriscar coa xogada do porteiro, mediada esta parte xa se puxeran a dous tantos, ata situarse nun 4-6. A partir de aí, os ponteses evitaron poñerse nerviosos e entraron nun intercambio de goles no que tiñan tódalas de gañar, mantendo sempre unha vantaxe mínima de dous tantos. Fran destapouse neste partido como goleador, con cinco tantos, mentres que Juan e Sergio anotaron cada un dúas ocasións, e Anxo, Suso e Oscar fixeron cadanseu gol. O cinco inicial formárono Chetos, Fran, Suso, Sergio, e Oscar. E logo xogaron tamén Anxo, Iván e Juan. Logo de suma-la sétima victoria consecutiva.

## Victoria del Grupo Xuvenil en el triangular de la Ocean Race

El Grupo Xuvenil participó, el pasado día uno, en un triangular de kayak-polo, dentro del programa de actividades paralelas que está teniendo lugar de forma conjunta a la cita mundial de vela, World Ocean Race, que tiene como sede la localidad de Sanxenxo, que reunió además a los dos conjuntos pontevedreses, el Umia de Caldas y el Náutico Rodei-

ra. Las tres formaciones disputaron el torneo con la fórmula tradicional de todos contra todos, resultando claramente vencedor el Grupo Xuvenil, que se impuso a las otras dos escuadras. El Grupo Xuvenil consiguió abultados resultados frente a ambas formaciones, endosando un parcial de nueve a dos al conjunto del Rodeira y de siete a tres al Umia.

## C D A s P o n t e s

**Igualada con polémica ante el Iberia.** El As Pontes logrou sacar un punto do seu desprazamento ó campo do Iberia despois dun encontro que rematou con excesiva polémica e no que os de Germán Amil puideron ter regresado coa victoria a domicilio de ter máis fortuna. Os locais adelantáronse no marcador xusto ó fío do descanso. A pesar de que defensivamente el Iberia non se mostrou demasiado contundente, os ponteses non conseguiron igualar a contenda ata o minuto dez da segunda parte gracias a unha intervención de Negrín. Logo prantaronse ben atrás e intentaron manter o empate e buscar a contra. A punto de cumprirse o tempo reglamentario produxose a expulsión de Pille ó recibir a segunda amarela y o CD As Pontes estirouse algo máis cara a portería contraria para intentar levarse el partido. Xa na prolongación, houbo unha xogada para a polémica. Chusky derribou con claridade a Pedro cando se internaba na área do Iberia e o colexiado vigués Rodríguez Barreiro sinalaba penalti en contra do conxunto local e a expulsión do infractor. Nese momento, as protestas airadas dos jugadores e parte do banquillo motivaron unha choiva de tarxetas. A pena máxima, sen embargo, foi errada por Pedro, o que deixou no marcador un empate que no contentou a ninguén.

**Victoria ante o Xove.** Partido cómodo para os ponteses, que malia seguiren espesos na creación, nunca atoparon réplica nun rival que non foi quen de dar sensación de perigo. Saíron os da casa cun plantexamento valente, con tres homes ofensivos,

pero isto non sería sinónimo de accións de gol, ó non acabar de chegarlle-lo balón. Nun partido sen apenas ocasións houbo que agardar ata a recta final do primeiro tempo para que unha grande xogada persoal de Miguel rematase nun despexe en propia porta do lateral Nando ó tentar evita-lo remate de Aguado. Foi suficiente, porque na reanudación o Xove tentouno tímidamente nos primeiros minutos, pero topouse cun As Pontes firme, que non se viu nunca ameazado, e co paso dos minutos xogou moi cómodo con todo a favor, á espera da sentencia. O gol da tranquilidad fíxose agardar, e logo de que só Pedro fíxese oposicións a telo acadado cun bó remate ós 71 minutos, que acabaría por sentencia-lo partido.

**Espectáculo ante o Compostela.** O CD As Pontes reencontrouse co gol nun partido que serviu para derrotar ó Compostela e confirma-la liña de recuperación do nivel que se lle presume. Seis a dous foi o marcador final dun choque bonito, no que os dous equipos foron polos tres puntos, e no que os locais impuxeron a súa maior calidade. Todo se puña de cara cando, no primeiro minuto, Seco enganchaba un balón morto na frontal e abría o marcador co 1-0. Os santiagueses seguiron sen facer concesión algunha á especulación e mantiveron o seu xogo valente de toque, diante dun rival que actuaba cómodo agardando o roubo para sair ben dende as bandas. O 2-0 chegaba ós 21 minutos nunha gran carreira de Dopico que se bastou só para resolver unha vertixinosa contra. O plantexamento valente dos composteláns,

que sempre xogaron cara adiante, tivo recompensa co primeiro gol. Outro fermoso tanto o de Alfonso, que ós 27 minutos recibía un balón fóra da área nun saque de corner moi aberto e mandaba o esférico á escadra. O gol veu nunha acción de estratexia, porque en xogo, os visitantes non acababan de crear perigo. Para despexar calquera dúbida da solvencia da ventaxa pontesa chegaba o 3-1. No minuto 29, Negrín aproveita un erro do porteiro, que non atalla ben o balón, e marca a pracer. Aínda quedaba por ver outro gol de fermosa factura nesta primeira parte. Era o cuarto, no minuto 42, nun cabezazo de libro de Aguado a centro de Seco. A sorpresa viría nun centro do lateral da SD Compostela Lago, que tomou un efecto envelenado e converteuse no 4-2 no último minuto antes do descanso, co que todo quedaba ata certo punto aberto para a segunda metade. Trala reanudación, os de Germán Amil baixaron o ritmo dun partido que tiñan en franquía, e mantiveron a posesión perante un rival que volveu demostrar unha grande capacidade de brega, pero a inocencia propia dun equipo moi novo. Para evitar males maiores Aguado abríu as distancias con outro gran gol. Unha volea dende fóra do área que subía o quinto para os locais no minuto 72. E, só dous minutos máis tarde, Pedro sumouse á festa pontesa co seu tanto. Marcou de penalti, logo dunha acción da defensa santiaguesa sobre Negrín. Os ponteses reforzan así a súa moral diante da complicada saída á casa do Ordes.

## C R F e n d e t e s t a s

**Primeira victoria para o Fendetestas ante o Arvo B.** O Fendetestas sufriu para gañar no debut liguero, Segunda Autonómica de rugby, diante do Arvo B nun partido que se decidiu nos últimos minutos e cun tanteador de 22 puntos a 13. Empezou mal o encontro para os da casa, que recibían un ensaio ós dez minutos, no medio do desconcerto pola forte saída do rival, que afogaba á dianteira pontesa. Paseniñamente, os locais foron gañando balóns no paquete, e pecharon mellor cos tres homes de atrás para contragolpear con perigo cada vez que o seu opoñente recurría ó xogo profundo por medio de patadas. Dous ensaios de Álvaro e Tito permitiron tomar vantaxe ó Fendetestas, que se foi cunha diferenza mínima ó descanso. Na segunda metade do partido o xogo volveuse máis embarullado, aproveitando os ourensáns para iren sumando puntos a base de transformacións de golpes de castigo, alternándose as vantaxes pola mínima no marcador. O cadro pontés mantivo o balón en campo contrario nos dez últimos minutos, para evitar unha nova transformación que botase por terra a diferenza mínima de dous puntos que nese momento mantiñan. Así, nunha boa acción da dianteira na disputa do balón, Álvaro sorprendeu ó Arvo B cun novo ensaio, que transformou Kiko abrindo xa unha brecha insalvable para os xogadores rivais. Xogaron no Fendetestas: Moncho



(Alberto, min. 65), Lois, Xose (Paco, min. 50), Andrés, Miguel, Rafa, Moeche, Rayito, Flecha, Kiko, Antón, Álvaro, Huesi, Tito e Manolo (Ritxie, min. 55).

**Derrota, en inferioridade, ante o Mareantes.** O Fendetestas caeu derrotado na primeira saída na liga de Segunda, na casa do Mareantes B. Só cinco puntos, 34-29, definiron o resultado final dun partido emocionante que se decantou nos últimos minutos. E iso que non cabía agardar tal igualdade, xa que os ponteses xogaron todo o partido cun home menos, debido ás numerosas baixas do conxunto visitante. No campo enfrontáronse dous estilos diferentes, cun equipo pontevedrés que cargou o xogo na dianteira, onde tiña moita superioridade en peso, e uns visitantes que explotaron o xogo á man, malia o desgaste que supuxo. O encontro foi vibrante, con alternati-

vas no marcador, e distancias sempre mínimas. A resolución chegou preto do final, cando os visitantes, conseguiron tomar vantaxe de tres puntos cun ensaio a catro minutos do final. Merecía o cadro pontés que, ó límite das forzas, levaba xa moitos minutos pechando ó seu rival na súa vintedúas. Aínda houbo tempo para que os locais se fixesen coa victoria só dous minutos máis tarde cun ensaio. E por se fose pouco, no descontro foi o equipo pontés o que gozou dunha ocasión moi clara, desbaratada cun avant a só tres metros da liña de marca. Máis grave que a derrota foi o parte de lesións, xa que dous xogadores máis volveron mancados, o que pode deixar ó equipo en cadro para o derbi. Os ensaios marcáronos Álvaro, en dúas ocasións, Moeche, e Huesi; Kiko fixo nove puntos.